

## UNIDADE 5

### Eu faríao se...

1. Completa estes cadros coas formas adecuadas do pospretérito.

|               |          |            |          |          |          |
|---------------|----------|------------|----------|----------|----------|
| preparar      | saber    | recibir    | dicir    | ter      | facér    |
| prepararía    | .....    | recibiría  | .....    | tería    | .....    |
| .....         | saberías | .....      | dirías   | .....    | .....    |
| .....         | .....    | recibiría  | .....    | .....    | farías   |
| prepararíamos | .....    | .....      | diríamos | .....    | faríamos |
| .....         | .....    | .....      | .....    | teríades | .....    |
| prepararían   | .....    | recibirían | .....    | terían   | .....    |

2. Relaciona estes principios de frases co seu final correspondente.

1. Tes moi mala cara. Por que non

2. Non me gustan nada as tatuaxes;

3. Deberías

4. Que sono teño! Non durmín nada esta noite,

5. Recomendolle que

6. Non sabía que

a. nunca faría unha.

7. Podería

b. dicirme onde queda a estación.

8. Se fose millonario

c. faga unha dieta.

d. vas ao médico?

e. aforrar un pouco se queres ir de vacacións.

f. estabas aquí. Cando chegaches?

g. marcharía para a cama agora mesmo.

h. compraría unha casa nunha illa do Caribe e pasaría o día tomando o sol.

|       |       |       |       |       |       |       |       |
|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| 1     | 2     | 3     | 4     | 5     | 6     | 7     | 8     |
| ..... | ..... | ..... | ..... | ..... | ..... | ..... | ..... |

3. Completa estas frases con nomes famosos (ou compañeiros teus da clase) e razona a túa elección.

1. Iría de vacacións con .....

2. Casaría con .....

3. Prestaríalle cartos a .....

4. Pediríalle consellos a .....

5. Invitaría a cear á miña casa a .....

6. Daríalle un premio a .....

7. Contaríalle un segredo a .....

4. Estes estudantes de galego teñen algúns problemas. Podes darlle un consello a cada un?



**Maica:** Quero adelgazar un pouco, pero non me gusta nada facer deporte.

.....

.....



**Diana:** A min gústame moito saír e bailar, pero ao meu mozo gústalle quedar na casa.

.....

.....



**Xacobe:** Ultimamente durmo fatal e durante todo o día estou canso.

.....

.....

# máis exercicios



**Olalla:** Os meus pais convidáronme a ir de vacacións con eles, pero eu prefiro ir esquiar cos meus amigos.

.....  
.....



**Lucía:** Hoxe é o aniversario do meu mozo e aínda non lle comprei nada. Non sei que regalarlle.

.....  
.....



**Martina:** O meu xefe convidoume a unha churrascada, pero eu non como carne. Ademais non quero dicirle que son vexetariana.

.....  
.....

## 5. Escribe frases sobre estas cuestións.

1. Unha cousa que non farías nunca.

.....

2. Algún aspecto gramatical que descoñecías antes de facer esta unidade.

.....

3. Algo que farías se foses moi moi rico/a.

.....

4. Unha cousa que farías se estiveses de vacacións.

.....

5. Algo que che gustaría facer agora mesmo.

.....

## 6. Relaciona os elementos destas dúas columnas.

|           |                  |
|-----------|------------------|
| Facer     | o nariz          |
| Dar       | sobre un tema    |
| Opinar    | unha moda        |
| Perforar  | unha enfermidade |
| Seguir    | unha tatuaxe     |
| Contraer  | un examen        |
| Casar     | un consello      |
| Suspender | pola igrexa      |

## 7. Es unha persoa tímida? Completa o test para averigualo.

**1.** Imaxina que tes que dar un discurso diante de 200 persoas. Poríaste nervioso?

- ☐ a) Si, moito  
☐ b) Non, nada

**2.** Acabas de chegar a unha cidade onde non coñeces a ningún. Custaríache facer amigos?

- ☐ a) Si, cústame moito facer novas amizades.  
☐ b) Non, teño moita facilidade para coñecer xente.

**3.** Convidante a unha cea con antigos compañeiros da escola, irías?

- ☐ a) Non, non me gustan ese tipo de celebracións.  
☐ b) Claro que si.

**4.** Se estiveses ao lado dunha persoa moi famosa á que admirases, falaríaslle?

- ☐ a) Non, creo que non me atrevería.  
☐ b) Si, claro.

**5.** Nunha cea na casa duns amigos pídenche que cantes unha canción.

- ☐ a) Diría que non, que vergoña!  
☐ b) Cantaría máis dunha, non me importaría.

**6.** Nun novo traballo ofrécenche a posibilidade de traballar só ou en equipo, que escollerías?

- ☐ a) Preferiría traballar só.  
☐ b) Traballar en equipo, non me gusta traballar só.

**7.** Imaxina que te chaman para facer unha entrevista nun programa de televisión.

- ☐ a) Non iría.  
☐ b) Encantárame saír por televisión.

**8.** Ti e os teus compañeiros de clase decidides ir á praia e non levades bañadores. Quedarías en roupa interior?

- ☐ a) Non, daríame vergoña.  
☐ b) Si, non tería ningún problema. Non hai moita diferenza entre a roupa interior e un bañador.

## Puntuación

As respostas A valen 2 puntos

As respostas B valen 1 punto

**10 ou menos de 10**

Timidez?, ti non sabes o que é! Non cambies.

**Entre 11 e 15**

Es un pouco tímido, pero tentas non deixarte dominar polos teus medos.

**Máis de 15**

Es unha persoa tímida. Deberías abrierte un pouco máis ao mundo e superar os teus complexos. Seguro que vales máis do que ti cres.